

ACCIDENTES ESCOLARES E RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN

*José Pedro Morais Gallego**

Centro de Formación e Recursos
Ourense

1. INTRODUCCIÓN

A Lei 1/1991, do 7 de xaneiro, reformou os artigos 1.903 e 1.904 do Código Civil no sentido de trasladar, dos profesores ós titulares dos centros, a responsabilidade civil que xorde como consecuencia dos danos causados polos alumnos menores de idade durante os períodos de tempo nos que estean baixo o control ou vixilancia do profesorado.

De modo xeral, xa non van responder persoalmente os profesores dos danos sufridos polos seus alumnos menores, senón o titular do centro, que é o que debe adoptar as correspondentes medidas organizativas. Polo tanto, será responsable, se o centro é público, a Consellería da Comunidade Autónoma correspondente ou o Ministerio de Educación se é o caso, e, se se trata dun centro privado, a persoa física ou xurídica titular da institución.

No caso dos establecementos públicos, o procedemento xudicial seguirá as normas da responsabilidade patrimonial da Administración polo funcionamento do servizo público da educación, segundo os artigos 139 e seguintes da Lei do Réxime

Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC), e o coñecemento da causa corresponderalle á xurisdición contencioso-administrativa.

Se os danos ocorren nun centro privado, será directamente aplicable o parágrafo 5 do artigo 1.903 do Código Civil e a competencia corresponderalle á xurisdición civil.

No referente ós centros de ensinanza privados concertados, a responsabilidade seguirá as normas do Código Civil xa que, aínda considerando o concerto educativo como un suposto próximo á concesión administrativa, nin a titularidade nin a dirección do centro lle corresponde á Administración pública (Rubio Torrano, 1993 e Morais, 2002).

Malia ser evidente o traslado da responsabilidade ás distintas administracións públicas e o intento, polo menos teórico, de facilitar as indemnizacións dos danos ocorridos nos centros docentes de carácter público, o certo é que na realidade práctica son numerosas as dificultades.

* Asesor de Formación

Efectivamente, a execución da responsabilidade da Administración polos danos producidos nos centros docentes vese entorpecida por aspectos fundamentalmente procesuais xa que, a pesar de que a normativa indica que a xurisdición competente é a contencioso-administrativa, numerosos procedementos seguen a vía civil polo que se opón, en ocasións, a excepción procedural de falta de xurisdición.

Tamén, pese a que a responsabilidade patrimonial da Administración, establecida na Constitución (CE) e no artigo 139 da Lei 30/1992, ten como peculiaridade más destacada que se trata dunha "responsabilidade obxectiva", desligada e independente de toda idea de culpa ou neglixencia, na práctica son numerosos os supostos nos que, tanto na xurisprudencia das Salas do contencioso-administrativo como nos mesmos ditames do Consello de Estado e dos Consellos Consultivos das Comunidades Autónomas, se dá entrada a criterios culpabilísticos.

Este estudio pretende mostrar o estado actual da cuestión e a problemática xurídica que xorde dela, tratando de responder a diversas inquedanzas dos profesionais da ensinanza.

2. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS. A NOTA DE OBXECTIVIDADE

A responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia dos danos causados polo funcionamento dun servizo público establecese no artigo 106.2 da Constitución española de 1978,

no que se sinala que "os particulares, nos termos establecidos pola lei, terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de fuerza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos".

Igualmente, no artigo 149.1.18^a da Constitución española reconócese a competencia exclusiva do Estado para fixar a legislación básica sobre "o sistema de responsabilidade de todas as administracións públicas".

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, indica no seu artigo 139.1 que "os particulares terán dereito a ser indemnizados polas administracións públicas correspondentes de toda lesión que sufran nos seus bens e dereitos, salvo nos casos de fuerza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos". Ademais, e segundo o artigo 145.1 desta mesma lei, "para facer efectiva a responsabilidade patrimonial [...] os particulares esixiranlle directamente á Administración Pública correspondente as indemnizacións polos danos e prexuízos causados polas autoridades e persoal ó seu servizo".

A singularidade más notoria desta responsabilidade patrimonial da Administración é que se trata dunha "responsabilidade obxectiva", separada de toda idea de culpa ou neglixencia. Este carácter obxectivo deriva da propia Constitución e dedúcese con toda claridade de certos elementos como a exclusión de indemnizar os danos debidos a "fuerza maior" e da utilización, como principal criterio de imputación obxectiva da responsabilidade á Administración, do concepto de "funcio-

namento dos servizos públicos", e non soamente do "anormal", ou sexa, do incorrecto ou irregular, senón tamén do "funcionamento normal", ou realizado de forma correcta e sen irregularidade.

Así o indica o Ditame 5/2000, de 22 de xaneiro, do Consello Consultivo da Rioxia, en relación coa responsabilidade por danos sufridos por alumnos menores de idade en centros docentes públicos: "a responsabilidade patrimonial da Administración [...] é unha responsabilidade obxectiva [...] por completo allea á idea de culpa, que se xera sempre que o resultado danoso estea causalmente ligado ó funcionamento dos servizos públicos. A aclaración de que este pode ser tanto normal como anormal, qué é a fórmula tradicionalmente utilizada no noso Dereito (e que hoxe reiteran os artigos 106.2 CE e 139 LRXAP-PAC), é inequívoca e non deixa, a este respecto, marxe ningunha para a dúbida".

Non obstante, na práctica son numerosos os supostos nos que, tanto na xurisprudencia das Salas do contencioso-administrativo como nos ditames dos distintos Consellos Consultivos do Estado como das Comunidades Autónomas, se lles dá entrada a criterios culpabilísticos e, de forma reiterada, nos supostos de responsabilidade da Administración educativa por danos producidos ós alumnos en centros docentes públicos (Morais, 2003).

Así, por exemplo, a Sentencia do Tribunal Supremo (STS) do 7 de marzo de 2001 confirmaba integralmente a da Audiencia Provincial (AP) de Madrid que facía responsable a Administración titular dun colexio público pola morte dun alumno de doce anos de idade como consecuen-

cia do desprendemento da barra transversal superior dunha portería de fútbol-sala. Os fundamentos xurídicos da condena facían referencia á omisión das debidas precaucións na organización do centro escolar, á neglixencia en relación co estado das porterías e a unha falta de adecuada vixilancia no recreo. Obviando o carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial da Administración, fundámense a sentencia en criterios puramente culpabilísticos.

A STS do 14 de decembro de 2001 confirma igualmente a da AP de Barcelona que facía responsable o Concello polas lesións sufridas por un alumno dun colexio público como consecuencia da caída deste desde un tellado de fácil acceso. A sentencia aprecia neglixencia na falta de protección no referido tellado e "absoluta desatención do Concello á escola".

A STS do 26 de febreiro de 1998 condena a Administración a indemnizar unha menor polos danos sufridos a consecuencia dunha caída mentres participaba nuns xogos programados por un centro docente público, porque "o dano procede da falta de dilixencia no coidado da menor por parte do persoal docente encargado da súa custodia".

Son moitas máis as sentencias que ofrecen esta especie de contradición, se ben todas afirman que a responsabilidade da Administración é obxectiva, fundamental o seu fallo condenatorio na existencia dalgún xénero de culpa ou neglixencia. E, nas sentencias nas que a Administración resulta absolta, baséase a exoneración da súa responsabilidade na ausencia de neglixencia ou na culpa exclusiva da vítima (STS do 3 decembro de 2001).

De todas as formas, este carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial da Administración non indica que esta deba responder por calquera dano máis ou menos relacionado coa súa actividade. A propia formulación do principio de responsabilidade obxectiva o impide, posto que, no lado positivo, obriga a que os danos estean causalmente ligados ó funcionamento dun servizo público e, no lado negativo, resulta excluída por diversas razóns: a forza maior, o deber xurídico de soportar o dano, os riscos do desenvolvemento, etc.

A cuestión non está en que a responsabilidade patrimonial constitúa unha especie de "seguro a todo risco" para os particulares afectados dalgún xeito pola actuación administrativa, nin tampouco nunha utilización exclusiva do concepto de culpa para reprochar condutas ilegais e castigá-las con indemnizacións patrimoniais. Como indica o xa citado Ditame 5/2000 do Consello Consultivo da Comunidade Autónoma da Rioxoa, débese avanzar na tecnificación dos medios e nunha "máis precisa fixación dos límites da imputación obxectiva da responsabilidade da Administración, tendo en conta tanto a análise dos elementos do dano resarcible [...] como o estudio da relación de causalidade necesaria para que poida darse unha imputación á Administración do feito causal".

En resumo, unha vez acaecido o feito danoso nunha actividade docente, xorde a obriga de indemnizar por parte da Administración, independentemente da existencia de culpa ou negligencia. A Administración responde sempre, por disposición constitucional e legal, dos danos que

cause o funcionamento do servizo público da educación, tanto do funcionamento "anormal" como do funcionamento "normal" da actividade ou servizo.

O xa citado artigo 139.1 da LRXAP-PAC sinala este dereito a ser indemnizado polas administracións públicas, "salvo nos casos de forza maior", excepción que, como todas, debe ser de interpretación estrita.

3. PRESUPOSTOS NECESARIOS PARA ESTIMAR A RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DAS ADMINISTRACIÓN DAS PÚBLICAS

Para que proceda a responsabilidade directa e obxectiva da Administración deben cumplirse certos requisitos:

a) A efectiva existencia dunha lesión sufrida por un particular en calquera dos seus bens ou dereitos e que non teña o deber xurídico de soportar o dano de acordo coa lei.

O concepto de dano abrangue tanto os danos fisiolóxicos, ou manifestación orgánica na que se traduce a lesión, como os danos morais ou sufrimento derivado da lesión corporal padecida ou doutro acontecemento que produza aflicción na persoa, como puidese ser o menoscabo da súa intimidade ou da súa honra.

O dano debe ser individualizado e avaliable economicamente. Os criterios de avaliación económica da indemnización son os establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables.

b) O dano ou lesión debe ser consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos nunha relación de causa a efecto.

É requisito fundamental para que proceda a responsabilidade patrimonial da Administración a existencia dunha relación directa de causa a efecto entre o dano e o funcionamento do servizo público, sen a intervención de elementos estranhos que poidan influír no nexo causal. Non obstante, a xurisprudencia está a manter una interpretación máis flexible neste sentido, admitindo que a relación causal poida aparecer baixo formas mediatas, indiretas ou concorrentes, evitando concepcións restritivas que irían en contra do carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

c) Ausencia de forza maior.

A forza maior é o acontecemento que, pola súa propia natureza, excede do concepto de diliencia; trátase dun feito imprevisible e inevitable, no que a súa nota máis destacada é a exterioridade ó servizo (STS do 3 de novembro de 1988, STS do 22 de decembro de 1997 e STS do 31 de maio de 1999).

O artigo 141 LRXAP-PAC establece que "non serán indemnizables os danos derivados de feitos ou circunstancias que non se puidesen prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de se produciren aqueles [...]".

A este respecto, a STS do 21 de xuño de 1983 equipara a forza maior co "suceso que está fóra do círculo de actuación do

obrigado, como guerras, terremotos..., pero aqueles eventos internos intrínsecos ínsitos no funcionamento dos servizos públicos, como é unha rotura ou unha obstrución dunha condución de augas, nunca constitúen forza maior".

A xurisprudencia máis recente esixe que os acontecementos que constitúan a forza maior non soamente sexan imprevisibles ou inevitables, senón tamén estranhos ou externos á organización do servizo ou actividade administrativa. Así o indica a STS do 16 de febreiro de 1999: "a forza maior [...] non só esixe que obedezca a un acontecemento que sexa imprevisible ou inevitable, como o caso fortuito, senón tamén que teña a súa orixe nunha forza irresistible estranya ó ámbito de actuación do axente".

d) Non deixar caducar o dereito a reclamar polo transcurso do tempo que marca a lei.

O dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, o prazo empezará a computarse desde a curación ou a determinación do alcance das secuelas (artigo 142.5 da LRXAP-PAC).

4. ELEMENTOS DA RESPONSABILIDADE NO ÁMBITO DAS ACTIVIDADES DOCENTES

O comportamento lesivo dos alumnos débese producir nunhas circunstancias concretas de "lugar", é dicir, dentro da

esfera de influencia do centro docente onde se desenvolvem actividades escolares, extraescolares ou complementarias. Debemos considerar para estes efectos o edificio, as instalacións do centro, o autobús escolar e os lugares visitados con ocasión dunha saída cultural (Durany Pich, 1999).

As actividades complementarias son aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, posúen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan: visitas, traballo de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.

Tenén carácter de extraescolares aquelas actividades que son organizadas polo centro, figuran na programación xeral anual e son aprobadas polo Consello Escolar pero que se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación é voluntaria (Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria. Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria).

En relación coa circunstancia de "tempo", os comportamentos que xeran responsabilidade deben ocorrer dentro do horario escolar. Enténdese incluído o tempo empregado no transporte cando este corre a cargo do centro, así como os períodos dedicados á ensinanza, deporte, tempo de lecer e alimentación. Da mesma forma, as actividades desenvolvidas fóra do horario escolar pero organizadas directamente polo centro.

Este aspecto temporal é o que ofrece maior conflitividade pola dificultade que entraña a fixación dos límites da responsabilidade dos pais e a do centro educativo. Na práctica, o problema aparece nas "franxas temporais fronteirizas", é dicir, nos momentos antes de empezar as clases e unha vez rematadas. Os tribunais de Xustiza tenden a ampliar a responsabilidade máis alá da xornada escolar, considerando responsable o centro mentres teñía abertas as súas instalacións (Durany Pich, *op. cit.*). Así, o Tribunal Supremo afirma na STS do 29 de decembro de 1998 que a obriga da garda dos pais "renace desde o momento no que o Centro acaba a súa, que non debe interpretarse de forma ríxida [...] xa que é habitual no centro que os alumnos permanezan no patio de recreo un curto espazo de tempo despois de terminada a xornada lectiva antes de ser recollidos ou trasladarse ós seus domicilios, é obrigado deducir que os pais contén con que ata ese momento están no centro e vixiados polo seu persoal".

Nun sentido similar, a STS do 10 de decembro de 1996, establece que "desde o momento da entrada no centro ata a súa saída ó finalizar a xornada escolar, esas funcións de vixilancia traspásanse ós profesores e coidadores do colexio".

Dentro da casuística que chega ós diferentes tribunais de xustiza en relación con accidentes derivados da actividade escolar, cabe facer referencia a dúas grandes liñas en materia de responsabilidade, unha referida á falta de adecuado manteemento e conservación das instalacións escolares, e outra á infracción do deber de vixilancia dos educadores sobre os seus alumnos menores (Ferrer i Riba, 1999).

Así, a responsabilidade derivada das deficiencias nos elementos das instalacións escolares fundámese normalmente en incumplimentos do deber de conservalas, na infracción do deber de vixilancia destas e na falta de adopción de medidas de protección adecuadas.

A infracción do deber de custodia ponse de manifesto nos supostos de xogos ou manipulación de obxectos perigosos ou en lugares inadecuados; tamén polas circunstancias específicas nas que se desenvolven certas actividades complementarias ou extraescolares que esixen un plus de atención ou coidado.

5. O PROFESOR E OUTRAS ENTIDADES COMO PARTES DEMANDADAS NUN PROCESO DE RESPONSABILIDADE POR DANOS

En numerosos procedementos sobre responsabilidade extracontractual por danos producidos na actividade docente de carácter público aparece como codemandado, xunto coa Administración educativa, o persoal docente ou non docente que garda relación co momento da producción do feito danoso que motiva a demanda.

O artigo 145 da LRXAP-PAC dispón que "para facer efectiva a responsabilidade de [...], os particulares esixiranlle directamente á Administración pública correspondente as indemnizacións polos danos e prexuízos causados polas autoridades e persoal ó seu servizo".

A Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da LRXAP-PAC, suprime a referencia á responsabilidade civil dos



O Mestre de escola. Gravado de Maso Finiguerra, arredor de 1457. As actitudes que se mostran non semellan risco de accidente.

funcionarios e persoal da Administración, derogando expresamente a Lei do 5 de abril de 1904 e o Real Decreto do 23 de setembro de 1904, en relación coa responsabilidade civil dos funcionarios públicos.

Isto indica que o prexudicado non poderá exercitar directamente unha acción de responsabilidade civil contra o profesor funcionario, senón que deberá reclamar ante a Administración, e será esta, no caso de que proceda, a que con posterioridade exercite a acción de repetición, esixindo de oficio das súas autoridades e demás persoal ó seu servizo a responsabilidade en que incorresen por dolo, culpa ou negligencia graves.

Non obstante, estamos nunha situación diferente se a responsabilidade deriva dun delito ou falta cometidos polo profesor funcionario.

Se o funcionario, no desempeño das súas funcións, comete un delito ou unha falta, a Administración pública asumirá, de modo subsidiario, a responsabilidade civil derivada do feito delitivo, pero non asumirá a responsabilidade penal, xa que esta é persoal.

Neste caso, é posible demandar persoalmente o profesor, en virtude do disposto no artigo 1.902 do Código Civil, por incorrer en responsabilidade persoal por feitos propios, sempre que a súa conducta fose a causante do dano. Incluso, en moitas ocasións, se opta por presentar a demanda pola vía penal porque representa unha maior axilidade con respecto á seguinte nun procedemento civil (López Peláez, 2001).

Dispón o artigo 121 do Código Penal que "o Estado, a Comunidade Autónoma, a provincia, a illa, o municipio e demais entes públicos, segundo os casos, responden subsidiariamente dos danos causados polos penalmente responsables dos delitos dolosos ou culposos, cando estes sexan autoridade, axentes e contratados desta ou funcionarios, sempre que a lesión sexa consecuencia directa do funcionamento dos servizos públicos que lles estivesen confiados [...]".


O Código Penal non menciona as faltas. A doutrina entende que esta omisión pretende que os tribunais penais non se poidan pronunciar sobre a responsabilidade civil da Administración nos casos de condena penal por faltas, para evitar que, ante a lentitude da xustiza administrativa, se utilice de xeito intencionado a vía penal para lograr, nun prazo breve, non

tanto unha condena penal canto unha indemnización patrimonial (Martín Rébollo, 2000). Non obstante, algunha sentencia fai unha interpretación expansiva, atribuíndolle ós "delitos dolosos ou culposos" a mesma responsabilidade ca ós danos derivados de feitos tipificados como falta (STS do 11 de xaneiro de 1997 e STS do 28 de outubro de 1997).

Ó derivar a responsabilidade da comisión dun feito delituoso, a xurisdición competente é a penal, salvo que o prexudicado opte por esixir a responsabilidade civil ante a xurisdición civil nos termos previstos no artigo 109.2 do Código Penal.

No caso de non haber reserva de accións civís, a xurisdición penal condenará o funcionario autor do delito ou falta e, no caso de insolvencia, responderá a Administración de modo subsidiario. Se o prexudicado se reserva o exercicio de accións civís, unha vez finalizado o proceso penal, pode demandar o funcionario condenado pola responsabilidade civil derivada do seu delito ou falta. A xurisdición que resolverá será a civil, conforme ás regras xerais da responsabilidade patrimonial das administracións públicas (artigos 139 e seguintes da LRXAP-PAC).

No suposto de que a Administración educativa teña cubertos os riscos asociados á prestación de determinados servizos por medio dun seguro, o prexudicado pode demandar directamente a entidade aseguradora, tal como dispón o artigo 76 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de Contrato de Seguro: "o prexudicado ou os seus herdeiros terán acción directa contra o asegurador para esixirle o cumprimento da obriga de



Nenos xogando a cachava. Gravado do século XVIII. As actividades extra-escolares e os xogos no patio do colexio deben ser vixiadas polo persoal docente.

indemnizar, sen prexuízo do dereito do asegurador de repetir contra o asegurado, no caso de que sexa debido á conduta dolosa deste o dano ou prexuízo causado a terceiro [...]" . A acción neste caso será competencia da xurisdición civil, que resolverá sen necesidade da existencia dun procedemento administrativo previo nin posibilidade de recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa (Gómez Ligüerre, 2001).

Cando determinado servizo complementario sexa xestionado por unha entidade privada en réxime de concesión, salvo nos casos en que o dano sexa debido ás instrucións recibidas da Administración

ou a vicios do proxecto deseñado por ela, o concesionario responde conforme ás regras do dereito privado, polo que está sometido á competencia da xurisdición civil. Así o dispón o artigo 97 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas "[...]" cando tales danos e prexúizos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se lles causen a terceiros como consecuencia de vicios do proxecto

elaborado por ela mesma no contrato de obras ou no de subministro ou no de ejecución".

6. A ACCIÓN DE REGRESO OU REPETICIÓN CONTRA O PROFESOR OU FUNCIONARIO DOCENTE

A reforma levada a cabo pola citada Lei 1/1991, de 7 de xaneiro, que trasladaba a responsabilidade civil derivada dos danos causados polos alumnos menores de idade dos profesores ós titulares dos centros, incorporoule un segundo parágrafo ó artigo 1.904 do Código Civil no sentido de que "cando se trate de centros docentes de ensinanza non superior, os seus titulares poderán esixir dos profesores as cantidades satisfeitas, se incorresen en dolo ou culpa grave no exercicio das súas funcións que fosen culpa do dano".

No referente á actividade pública, a Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXAP-PAC), indicaba no seu artigo 145.2 que a Administración "cando indemnizase directamente os lesionados poderá esixir das súas autoridades e demais persoal ó seu servizo a responsabilidade na que incorresen por dolo, culpa ou negligencia grave".

A Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da LRXAP-PAC, reformou ese artigo 145.2 no sentido de que, se ben esa acción de regreso tiña un carácter potestativo para a Administración ("poderá esixir"), agora é obligatoria e, despois de indemnizar a posibles lesionados, deberá esixir de oficio do persoal ó seu servizo a responsabilidade na que incorresen.

Para que proceda a acción de regreso ou repetición teñen que se dar dúas condicións. En primeiro lugar, a existencia dunha indemnización efectiva e directa por parte da Administración e, en segundo lugar, acreditar a existencia de culpa grave ou dolo na conduta do persoal ó seu servizo.

O mesmo artigo 145.2 LRXAP-PAC sinala que, para a esixencia da responsabilidade na que puidese incorrer o persoal ó servizo da Administración, se deben ponderar varios criterios como son o resultado danoso producido, a existencia ou non de intencionalidade, a responsabilidade profesional do persoal e a súa relación coa producción do dano, entre outros.

O procedemento para a esixencia de responsabilidade patrimonial ás autoridades e persoal ó servizo das administracións públicas vén regulado polo Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo. Iníciase cunha notificación ó interesado na que se indican os motivos e se concede un prazo para a presentación de documentos, informes e probas. Logo dun informe do servizo público no que ocorrese o feito danoso indemnizable, practícanse as probas oportunas e concédese un prazo de audiencia para que o interesado presente as alegacións que estime convenientes antes da proposta de resolución.

O prazo para interpoñer esta acción de repetición por parte de Administración é de 15 anos (artigo 1.964 do Código Civil).

Na práctica, a Administración educativa nunca utilizou esta vía de regreso ou acción de repetición, tal como advirte a doutrina e xurisprudencia consultada (Perona, 1998).

7. CONCLUSÓNS

Ante calquera dano derivado do funcionamento dun servizo público, como é a educación, responderá patrimonialmente a Administración. Esta responsabilidade será sempre obxectiva, desligada de toda culpa ou neglixencia do profesor ou funcionario, e a Administración deberá ser demandada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de culpa ou neglixencia por parte do profesor, a Administración esixiría a este de oficio a cantidade da indemnización realmente satisfeita, mediante a acción de regreso ou repetición.

O profesorado non poderá ser demandado directamente, senón que deberá demandarse a Administración Pública. Non obstante, existen determinados supostos nos que o profesor pode responder persoalmente:

- Cando o dano derive dunha relación estritamente privada e allea por completo á función docente.
- Cando o dano se produza mediando un delito.

A xurisprudencia examinada (Morais, 2002) ten como denominador común que xorde a responsabilidade cando se estima civilmente culpable a conducta dos docentes, fundamentalmente por non acreditar toda a dilixencia esixible na vixilancia, na adopción de medidas suficientes de control ou na omisión de precaucións na organización (STS do 29 de xuño de 2000 e STS do 7 de marzo de 2001). Outras sentencias fan referencia á seguridade dos elementos que están dentro das instalacións dos centros docentes, ás medidas de seguridade que hai que adoptar respecto deles, ó previsible

comportamento dos menores e ó deber de vixilancia que ten o profesorado en todo momento (STS do 10 de outubro de 1995).

Por outra parte, apréciase ausencia de responsabilidade na actuación dos profesores ou encargados da vixilancia e coidado dos menores dentro dos cometidos ó seu cargo, cando os sucesos teñen lugar de modo súbito e os danos son imprevisibles (STS do 21 de novembro de 1990 e STS do 27 de setembro de 2001). O Tribunal Supremo ten declarado que o requisito da previsibilidade é esencial para xerar culpa extracontractual (STS do 16 de febreiro de 1988 e STS do 2 de marzo de 2001).

En relación cos directores dos centros docentes, tantas veces demandados conxuntamente en procesos por responsabilidade civil, estima a xurisprudencia que "non cabe descargar no director [...] una especie de responsabilidade xenérica por todo o que ocorre [...], co risco de converter a culpa *in vigilando* nun expediente que conduza á responsabilidade obxectiva pura, que a regulación positiva non admite e a xurisprudencia rexeita" (STS do 22 de decembro de 1990 e STS do 27 setembro de 2001).

E, para finalizar, para que proceda a responsabilidade patrimonial da Administración, é precisa a concorrenza dunha serie de requisitos:

- Que o particular sufra unha lesión en calquera dos seus bens ou dereitos e non teña o deber xurídico de soportar o dano.
- Que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

- Que exista relación directa de causa a efecto entre o dano e o funcionamento do servizo público, sen a intervención de elementos estranhos que poidan influir no nexo causal.
- Que o dano non sexa consecuencia dunha conduta ilícita, inadecuada ou negligente do prexudicado.
- Que a producción do dano ou lesión non sexa consecuencia da intervención de terceiras persoas alleas ó servizo público.
- Que o dano alegado sexa real, efectivo, available economicamente, concreto e individualizado.
- Que non concorran causas de forza maior.

En todo caso, a xurisdición competente nos procedementos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas é a contencioso-administrativa.

BIBLIOGRAFÍA

- Durany Pich, S., "Padres y maestros", *InDret Revista Electrónica de Derecho*, Barcelona, Universitat Pompeu Fabra, 10, 1999.
- Ferrer Riba, J., e C. Ruisánchez, "Niños y adolescentes", *InDret Revista Electrónica de Derecho*, Barcelona, Universitat Pompeu Fabra, 10, 1999.
- Gómez Ligüerre, C., "Jurisdicción competente en pleitos de responsabilidad civil extracontractual", *InDret Revista Electrónica de Derecho*, Barcelona, Universitat Pompeu Fabra, 4, 2001.
- López Peláez, P., "Accidentes en los centros: la responsabilidad", *Escuela Española*, 3.511, 2001, pp. 1.430-1.431.
- Martín Rébollo, L., "La acción de regreso contra los profesionales sanitarios. Algunas reflexiones sobre la responsabilidad pública y la responsabilidad personal de los empleados públicos", relatorio presentado no IX Congreso Derecho y Salud, Sevilla, 2000.
- Morais Gallego, J. P., "A responsabilidade civil do profesorado de ensino non universitario", *Revista Galega do Ensino*, 23, 1999, pp. 207-226.
- "Responsabilidad civil en las actividades docentes y deportivas. Responsabilidad patrimonial de la Administración", comunicación persoal presentada no X Congreso de Responsabilidad Civil, Barcelona, 2002.
- "A responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas", *Controversia*, Colexio de Avogados de Ourense, 5, 2003 (en prensa).
- Perona Mata, C., e outros, *Responsabilidad jurídica de los docentes*, Madrid, Federación de Enseñanza de CC. OO., 1998.
- Rubio Tórrano, E., "Comentario a la reforma del Código Civil por la Ley 1/1991, de 7 de enero", en Bercovitz Cano, *Comentarios a las reformas del Código Civil*, Madrid, Tecnos, 1993, pp. 919-945.



José Pedro MORAIS GALLEGOS: "Accidentes escolares e responsabilidade patrimonial da Administración", *Revista Galega do Ensino*, núm. 43, maio 2004, pp. 181-193.

Resumo: Este estudio revisa a cuestión da responsabilidade patrimonial da Administración como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos, fundamentalmente da educación e, particularmente, no caso dos accidentes escolares.

Analízanse os presupostos necesarios para poder apreciar tal responsabilidade e a situación do profesorado se resulta parte demandada nun procedemento xudicial de responsabilidade por danos.

Palabras clave: Responsabilidade. Patrimonial. Administración. Danos. Profesores.

Resumen: Este estudio revisa la cuestión de la responsabilidad patrimonial de la Administración como consecuencia del funcionamiento de los servicios públicos, fundamentalmente de la educación y, particularmente, en el caso de los accidentes escolares.

Se analizan los presupuestos necesarios para poder apreciar tal responsabilidad y la situación del profesorado si resulta parte demandada en un proceso judicial de responsabilidad por daños.

Palabras clave: Responsabilidad. Patrimonial. Administración. Daños. Profesores.

Abstract: This study goes through the question of Administration's patrimonial responsibility as consequence of the public services functioning, fundamentally of the education and, particularly, in case of the school accidents.

The necessary assumptions are analyzed to be able to estimate such a responsibility and the teachers' situation if they were a defendant in a responsibility judicial process for damages.

Key words: Responsibility. Patrimonial. Administration. Damages. Teachers.

—Data de recepción da versión definitiva deste artigo: 24-11-03.

